

A derradeira pílula

XAVIER FRÍAS CONDE

Ía calor. Acababa de presentar o libro e de asinar copias, a xente xa comezaba a saír da sala e eu estaba coa cabeza baixa, aínda sentado. Non tiña gana ningunha de facer aquilo, pero era unha obriga co editor. Caralladas. Aínda lembro cando publiquei a miña primeira antoloxía en italiano. Hai moito diso, si; naqueles tempos, até tiña un sentido. Fun pioneiro. E fun ben admirado. E foi xusto cando a miña vida se tornara nun cárcere de min mesmo.

Pensei que ninguén máis se achegaría a min. Pensei mal. Ela si, porque a pesar de só percibir a súa silueta, sabía que era unha muller. Ben, e tamén polo recendo do seu perfume. Ela achegóuseme. E estrañamente faloume en portugués.

Souben axiña quen era. Só unha persoa me podía falar en portugués no lanzamento dun libro italiano en Italia. Por algunha estraña razón viñéranme á mente uns versos escritos moitos anos atrás que falaban dunha puta cobizada que volveu ao deserto do que procedía en forma de area. Non quero dicir que non se me pasara pola moleira que ela estivese alá aquel día -improbábel, era ben improbabél... mais posíbel-, mais que eu atallara calquera devezo, reprimira calquera pensamento que a trouxease ao presente, como viña facendo despois de tantos anos.

Erguín amodo a cabeza. Ela levaba unha enorme pamela con gasas que lle cubrían medio rostro e toda a cabeza, con lentes de sol opacos que lle ocultaban os ollos. Estaba abondo magra. A miña derradeira visión dela, anos atrás, era a dunha muller que comezaba a se obsesionar coa carne colgando. Esta, en troques, era moi magra. Fumaba, si,

fumaba, non deixara o vicio. E preguntoume, aínda en portugués, como estaba.

Durante unhas décimas de segundo dubidei se seguir con esa lingua ou utilizar o italiano, que era a lingua normal alá. Mais non tiven opción, porque ela aínda engadiu:

«Vejo-te muito bem... Mais gordo, pá», e mostroume un sorriso feble.

Ninguén alá me trataría de ti, e menos aínda ninguén me tería dito *gordo*. Por sorte, os poucos que aínda andaban ao redor, entre eles o editor, non se preocuparon daquela muller que me falaba. Seica estaban afeitos a que as mulleres se interesasen polo meu traballo. Mais os coiróns deles non entendían que eu quería que se interesasen por min, por min, por min, non polo meu traballo. Pensei "affanculo", mais non o dixen.

«Lembras-me?», preguntoume ela. Como non ía lembrala. Como non lembrar as chamadas da morte a petar na porta da casa cando un está só. Eu lembrábao con patetismo. Se cadra era a única parte patética de min.

«Podemos tomar um cafezito juntos? Non ti ruberò piú di mezz'oreta». A mudanza de lingua probabelmente era un recurso. Ela sabía que eu adoraba aquilo. Ela aínda lembraba. Eu nunca esquecera. Volví contemplala.

«Nach allen diesen Jahren, finde ich noch sehr hübsch». Ela riu. «Am End, kannst du mir auf Deutsch sprechen!!», dixo. «Ich kongratuliere dich». Novamente aquel sorriso feble.

Procurei unha desculpa co editor. Díxenlle que se trataba dunha vella amiga que encontraba por casualidade despois de moitos anos e combinei con el más tarde no hotel. Volví onda ela e díxenlle: «Vamos embora». Ela sorriu. Inesperadamente colleuse do meu brazo.

Notei que tiraba de min para abaixo, como se lle custase soster o seu propio peso. Novamente, embaixo da aparencia, ía a muller, a muller da que me namorara tantos anos atrás.

Paseamos xuntos até o porto. Iamos en silencio. Eu non ousaba rompelo. Ela seica non quería rompelo. Por riba as gaivotas eran o único son nun serán estreñamente calado. Ao chou, chegamos até a unha taberna. Ela díxome: «Ti piace questo posto?». «Va bene». Sentamos. Ela deu quitado a pamela e os lentes de sol. Temía aquel instante. A fin estaría cara a cara cos seus ollos. Eles non mudaran. Estaban como os lembraña, se cadra áinda más triste.

«Devo-te muitas explicaciones», comenzou a dicir ela. Eu ía interrompela, mais daquela chegou o camareiro. «Co-sa prendi? Io un vermouth». «Anche... io». Que estupidez, pensei axiña, eu nunca tomaba vermú, e non lembraña que ela o tomase... parvadas.

Veu o camareiro coas bebidas que pediram. Discretamente, pousounas na mesa e logo foise. Daquela reparei mellor na roupa que levaba ela. Alén da pamela coa gasa e mais os lentes de sol, que xa quitara, levaba un vestido preto de verán, mais víase que era de marca, dos caros, daqueles que custan ducias centos de euros. Contempleina mentres levaba o copo de vermú aos beizos, a percibir como unha pinga lle esvaraba pola esquina da boca, polo mesmo lugar onde eu procurara, anos atrás, un acceso a aquela boca. O conxunto remataba cunha sandalias aparentemente simples, mais que estou certo que custarían tamén moitos cartos, non sei exactamente cantos, mais moitos.

A pesar da súa magreza, encontreina belísima. Era belísima.

«Caro, prima di tutto, ti voglio chiedere scuse», dixo ela. Eu non o esperaba. «Por que o dizes?», inquirín. Ela deu un grolo e logo dixo: «Conheço todo o mal que eu te fiz. Embora penses que desapareci da tua vida, que não tornei a sa-

ber de ti, não é assim. Segui a tua trajec-tória, li todos aqueles livros que segun-doo a crítica são os melhores que escre-veste, os daqueles cinco anos de ouro, aqueles que eu bem sei que escreveste sempre a pensar em mim».

Non esperaba eu aquela confesión. Para min confusión. Teríame tirado enriba dela para comerlle a boca, mentres lle berraría «odeio-te, odeio-te». Mantiven o tipo. Só movín o copo de vermú a remexer nos carouxos, perfectos cubos de xeo.

Ela proseguiu. «Casei duas vezes, mas sempre os teus poemas estiveram comigo. Não, não te esqueci, e aquela tarde no aeroporto quis dizer-te muitas coisas, mas não tive nem o valor nem a força». Eu non a miraba directamente. Seguía concentrado no vermú. A brisa comezaba a aumentar. O sol caía tras da liña do mar. A cidade saía do letargo estival para vivir na noite.

«Quero que me perdões», dixo. «Sempre foste um homem bom. Ti co-nosco bene, ti ho seguito durante questi anni, ma sono ritornata per causa di una malattia... Ho cancro». A cidade ficou muda. Eu quixen apertala contra o meu peito, dicirlle que áinda a amaba, que a amara sempre, mais estaba inmóbil. Logo decateime que se facía iso tiraría toda a miña dignidade ao lixo, que seica sería un eterno adolescente. En definitiva, non tiña maldita idea de que facer.

Ela seguir a falar, mirando para al-gún punto impreciso por riba da miña cabeza. «Estive em tratamento muitos meses. Os doutores disseram que apenas tenho uns meses de vida, muito poucos. Portanto decidí arranjar coisas que tinha desatendidas, apenas durante uma se-mana. E a primeira que tinha és tu...».

Entón, inesperadamente, achegóu-seme e colleume unha man, a súa es-querra a miña dereita. Estaba quente, a miña fría por mor do xeo do copo. Mi-rámonos aos ollos. Quixen dicirlle que a quería. Ela debeu entender o sentido do meu silencio.

«Quero pedir-te um favor», dixo. «Quero que me despidas com o livro de versos que nunca se escreveu a uma mulher». Unha bágoa deu esvarado pola miña meixela. Eu era moi dado a chorar, mais non quería facelo diante dela, como tantos anos atrás, cando chorei ao despedila naquel aeroporto.

Ela non choraba, só me apertaba a man. Eu non sabía se beixala.

Foron uns minutos de silencio, de quedanza. Despois, ela aínda se achegou a min e abrazoume. Lembrei que ela adoraba os abrazos. O seu corpo esvaecía, escorregaba entre os meus brazos. Notaba como o meu rancor de tantos anos sumía. Tornaba a amala como o primeiro día. Sentía aquel perfume, que era novo para min, mais tamén o asimilei ao pasado que agora era presente.

De súpeto, moi suavemente, retirouse. Colleu o bolso e quitou del unha caixa prateada. Despois tomou unha pílula. Sen se molestar en pedir auga, tomouna co vermú.

«É a última. Já não precisarei mais delas. Prefiro morrer com dignidade».

«Ti vorrei convidare a cenare», díxenlle.

«Prego, non. È meglio così. Devo andarmene», tratou de sorrir. «Não me guardes rancor, por favor. Entende-me, entende-o». Estaba ela tamén a piques de chorar. Eu estaba novamente immobilizado. «Ich liebe dich, du weißt. Du bist mein Mäuschen». Aquel *mäuschen* era unha táctica sucia. Ela sabía que eu adoraba a fonética daquela palabra.

Erguese cunha enerxía inusitada. Deixou un billete de dez euros enriba da mesa. Puxo os lentes de sol e fungou discretamente os narices mentres retiraba a cadeira. Vina marchar lentamente por unha das rúas laterais do porto, camiño da parte antiga, das ruelas con

cheiro perpetuo a peixe esfolado e destripado, tan lonxe das praias corporais dos meus poemas. Aquela noite non durmín. Simplemente, volvín a escribir. Cumprín aquela miña última promesa, coa lembranza da pílula que tomara, daquela última pílula, espetada na miña mente coma unha daga.

E pasaron seis meses, tempo a esgalla para pensar que morrera, para desechar saber onde estaba o seu corpo enterrado, se é que non era xa un feixe de cinzas, e tamén para dar publicado o prometido poemario. Quería levarlle aquel libro novo de poemas, aquel que a crítica valorou aínda máis positivamente, que considerou o címo da miña carreira. Mais ela habería lelo, pensei, en espírito... Tiña graza.

Até que, na espera de mudar de avión no aeroporto de Berlín, folgando, comecei a follear unha revista local. E alí estaba ela. Tan fraca coma a derradeira vez, mais toda chea de vida. Non, non morrera, embora lucía unha espléndida madeixa de cabelo preto. Non parecía doente de cancro. Todo o contrario, parecía feliz, chea de vida, nunha festa dunha multinacional de pílulas de menta contra a halitose. A pesar do tamaño das fotos, recoñecín aquela pílula, era a mesma que ela tomara diante de min coma menciña. Por un momento quisen pensar que seica superara a enfermidade, mais axiña a miña escasa racionalidade díxome que non, facéndose ouvir por unha vez, dicíndome que novamente, despois de tantos anos, ela me volvera usar, que a pílula era a pílula. Outra vez. Si, o seu ego xigante fíxolle buscarme para eu lle escribir aqueles versos, onde ela se tornaba nunha deusa eterna... e eu nun mentecapto para sempre.

Oxalá aquela derradeira pílula tivese sido de cianuro. Oxalá non a amase tanto...